

# O fin da historia



O século vinte presenciou como o mundo desenvolvido descendía ata un paroxismo de violencia ideolóxica, cando o liberalismo batallaba, primeiro, cos remanentes do absolutismo, logo, co bolxevismo e o fascismo, e, finalmente, cun marxismo actualizado que ameazaba conducir á apocalipse definitiva da guerra nuclear. Pero o século que comezou cheo de confianza no triunfo que ao final obtería a democracia liberal occidental parece, ao concluír, volver nun círculo ao seu punto de orixe: non a un “fin da ideoloxía” ou a unha converxencia entre capitalismo e socialismo, como se predixo antes, senón á vitoria do liberalismo económico e político.

O que poderíamos estar a presenciar non só é o fin da guerra fría, ou a culminación dun período específico da historia da posguerra, senón o fin da historia como tal: isto é, o punto final da evolución ideolóxica da humanidade e a universalización da democracia liberal occidental como a forma final de goberno humano. O cal non significa que xa non haberá acontecementos que poidan encher as páxinas dos resumos anuais das relacións internacionais no *Foreign Affairs*, porque o liberalismo triunfou fundamentalmente na esfera das ideas e da conciencia, e a súa vitoria aínda é incompleta no mundo real ou material. Pero hai razóns importantes para crer que este é o ideal que “co tempo” se impondrá no mundo material. Para entender por que é isto así, debemos, primeiro, considerar algúns problemas teóricos relativos á natureza do cambio histórico.

A idea do fin da historia non é orixinal. O seu máis grande difusor coñecido foi Karl Marx, que pensaba que a dirección do desenvolvemento histórico contiña unha intencionalidade determinada pola interacción de forzas materiais, e chegaría a termo só cando se alcanzase a utopía comunista que finalmente resolvería todas as anteriores contradicións. Pero o concepto de historia como proceso dialéctico cun comezo, unha etapa intermedia e un final, tomouno prestado Marx do seu gran predecesor alemán, Georg Wilhelm Friedrich Hegel.

Para mellor ou peor, gran parte do historicismo de Hegel integrouse á nosa bagaxe intelectual contemporánea. A idea de que a humanidade avanzou a través dunha serie de etapas primitivas de conciencia no seu traxecto cara ao presente, e que estas etapas correspondían a formas concretas de organización social, como as tribais, escravistas, teocráticas, e, finalmente, as sociedades igualitarias democráticas, pasou a ser inseparable da mentalidade moderna do home. Hegel foi o primeiro filósofo que utilizou a linguaxe da ciencia social moderna, en tanto cría que o home era produto do seu ámbito histórico e social concreto, e, non como anteriores teóricos do dereito natural terían sostido, un conxunto de atributos “naturais” máis ou menos fixos. O dominio e a transformación do ámbito natural do home a través da aplicación da ciencia e a tecnoloxía non foi un concepto orixinalmente marxista, senón hegeliano. A diferenza de historicistas posteriores, cuxo relativismo histórico dexenerou nun relativismo a secas, Hegel pensaba, non obstante, que a historia culminaba nun momento absoluto, no que triunfaba a forma definitiva, racional, da sociedade e do Estado.

A desgraza de Hegel é que hoxe principalmente se lle coñeza como precursor de Marx, e a nosa estriba en que poucos estamos familiarizados en forma directa coa obra de Hegel, e, a coñecemos xa filtrada a través dos lentes distorsionadores do marxismo. En Francia, non obstante, fíxose un esforzo por rescatar a Hegel dos seus intérpretes marxistas e resucitalo como o filósofo que se dirixe á nosa época con maior propiedade. Entre estes modernos intérpretes franceses de Hegel, certamente o principal foi Alexandre Kojève, brillante emigrado ruso que dirixiu, na *École Pratique des Hautes Études* de París na década dos 30, unha serie de seminarios que tiveron grande influencia. [...]

O Estado que emerxe ao final da historia é liberal na medida que recoñece e protexe, a través dun sistema de leis, o dereito universal do home á liberdade, e democrático en tanto existe só co consentimento dos gobernados. Para Kojève, este así chamado “Estado homoxéneo universal” tivo encarnación real nos países da Europa Occidental de posguerra: precisamente naqueles países brandos, prósperos, satisfeitos de si mesmos, envorcados cara a dentro e de vontade débil, cuxo proxecto máis grandioso non tivo

maior heroicidade que a creación do Mercado Común. Pero isto era de esperar. Porque a historia humana e o conflito que a caracterizaba se baseaba na existencia de “contradicións”: a busca de recoñecemento mutuo do home primitivo, a dialéctica do amo e o escravo, a transformación e o dominio da natureza, a loita polo recoñecemento universal dos dereitos e a dicotomía entre proletarios e capitalistas. Pero no Estado homoxéneo universal, todas as anteriores contradicións se resolven e todas as necesidades humanas se satisfán. Non hai loita ou conflito en torno a grandes asuntos, e, en consecuencia, non se precisa de xenerais nin estadistas: o que queda é principalmente actividade económica. E, efectivamente, a vida de Kojève foi consecuente coas súas ensinanzas. Estimando que xa non había traballo para os filósofos, posto que Hegel (correctamente entendido) alcanzara o coñecemento absoluto, Kojève deixou a docencia despois da guerra e pasou o resto da súa vida traballando como burócrata na Comunidade Económica Europea, ata a súa morte en 1968.

Isto non significa, por motivo ningún, o fin do conflito internacional *per se*. Porque o mundo, nese punto, estaría dividido entre unha parte que sería histórica e unha parte que sería posthistórica. Mesmo poderían darse conflitos entre os Estados que aínda permanecen na historia, e entre estes Estados e aqueles que se encontran ao final da historia. Manterase tamén un nivel elevado e quizais crecente de violencia étnica e nacionalista posto que estes impulsos aínda non se esgotaron por completo nalgunhas rexións do mundo posthistórico. Pero un conflito en grande escala tería que incluír grandes Estados aínda atrapados na garra da historia, e estes son os que parecen estar a abandonar a escena.

O fin da historia será un momento moi triste. A loita polo recoñecemento, a vontade de arriscar a propia vida por unha meta puramente abstracta, a loita ideolóxica a escala mundial que esixía audacia, coraxe, imaxinación e idealismo, será substituída polo cálculo económico, a interminable resolución de problemas técnicos, a preocupación polo medio, e a satisfacción das sofisticadas demandas dos consumidores. No período posthistórico non haberá arte nin filosofía, só a perpetua conservación do museo da historia humana. O que sinto dentro de min, e que vexo noutros arredor meu, é unha forte nostalxia da época en que existía a

historia. A devandita nostalxia, en verdade, vai seguir alentando por algún tempo a competencia e o conflito, aínda no mundo posthistórico. Aínda que recoñezo a súa inevitabilidade, teño os sentimentos máis ambivalentes pola civilización que se creou en Europa a partir de 1945, cos seus descendentes no Atlántico Norte e en Asia. Talvez esta mesma perspectiva de séculos de aburrimiento ao final da historia servirá para que a historia novamente se poña en marcha.

Francis Fukuyama, “O fin da historia?” *The National Interest* 16 (verano 1989), páxs. 3-18.

### Actividades

1. Relaciona cada concepto coa súa correspondente definición:

<i>Liberalismo</i>	A historia progresa cara un momento final absoluto
<i>Comunismo</i>	Planificación estatal centralizada da economía
<i>Historicismo</i>	Protección das liberdades políticas e económicas

2. Une os termos das dúas columnas:

<i>Marx</i>	Dialéctica
<i>Hegel</i>	Utopía comunista
<i>Kojève</i>	Estado homoxéneo universal

3. Sinala a correcta das tres alternativas posibles:

- O característico do século vinte foi:
  - vitoria do liberalismo
  - derrota do liberalismo
  - triunfo do comunismo
- O fin da historia vén dado por:
  - Fin dos acontecementos históricos
  - Universalización da democracia liberal occidental
  - O triunfo do liberalismo no mundo material
- Hegel defendeu que o home era:
  - Produto do seu ámbito histórico
  - Un conxunto de atributos naturais
  - Un misterio irresoluble dada a brevidade da vida humana
- O Estado que emerxe ao final da historia é:
  - socialista
  - liberal
  - comunista
- O característico do “Estado homoxéneo universal” (Kojève) é:
  - A satisfacción de todas as necesidades
  - A resolución de todas as contradicións sociais
  - Ambas
- No período posthistórico non haberá:
  - Economía
  - Nacionalismo
  - Filosofía

4. Que entende Fukuyama por fin da historia? (liñas 1-23).

5. Baixo que forma aparece en Marx o fin da historia? (liñas 24-32).

6. Por que Hegel foi historicista? (liñas 33-51).

7. Por que o Estado que emerxe ao fin da historia é liberal? (liñas 63-87).

8. Como caracteriza Fukuyama a era posthistórica? (liñas 99-116).